

## BASES DO CONCURSO

Cóntano

# ELAS

En marzo teredes tempo para facer protagonista dunha historia á muller que vós queirades. Ten que ser real pero non famosa, non tedes que poñer nomes (iso deixámolo a vosa elección). Nela poderdes contar aspectos de antes, de cómo vivían, da historia que a marcou ou aquilo que a fixo máis feliz. Como viviu unha inxustiza por ser muller ou se houbo un amor que lle cambiou a vida, se emigrrou que diferenzas atopou con respecto ós homes... O que vos conten serviranos para afondar no papel da muller antes e agora.

**PRIMEIRA: Obxecto.** O Concello de Mesía, co motivo do Día Internacional da Muller, propón o concurso *Cóntano ELAS*, como un medio para visibilizar o papel da muller na historia da propia comunidade.

**SEGUNDA: Persoas participantes.** Poderán participar no programa *Cóntano ELAS*, calquera persoa do Concello de Mesía (ou que curse estudos no CPI de Xanceda) de 4º de primaria en adiante.

**TERCEIRA: Requisitos.** Cada persoa participante, deberá facer un relato curto, cun máximo dun folio polas dúas caras. Ou dous por unha cara.

**CUARTA: Recepción de propostas.** As propostas recolleranse na Casa da Cultura de Xanceda, na biblioteca do CPI Xanceda ou no correo: [casadacultura@concellodemesia.gal](mailto:casadacultura@concellodemesia.gal). En todos os traballos figurarán os datos da persoa participante ( nome, apelidos, curso e enderezo). A data límite da entrega é o 20 de marzo do 2023.

**QUINTA: Xurado.** O xurado estará composto por unha representante da Mancomunidade que desenrole o seu traballo no ámbito da Muller, representante da Concellería de Igualdade do Concello de Mesía, a responsable de dinamización lingüística e a encargada da biblioteca do CPI de Xanceda. O xurado terá en conta para a súa elección, o relato e a súa calidade pero tamén o contido no tema que nos ocupa, o papel da muller na sociedade, a igualdade, os estereotipos, aqueles criterios que por viabilidade, adecuación e pertinencia, reflectan a esencia da celebración do 8 de Marzo.

**SEXTA: Data de selección.** O xurado fará pública a súa decisión o último venres de marzo do 2023.

**SÉTIMA: Recoñecemento.** Elixirase unha proposta gañadora en función aos seguintes niveles .

- De 9 a 11 anos.
- De 12 a 14 anos.
- De 15 a 17 anos.
- De 18 anos en diante.

**OITAVA. Premios.** Cada persoa premiada será obsequiada co valor de 100 € en material de librería.

O fallo do xurado, será inapelable. A participación no certame daralle dereito ó concello a publicación dos relatos.

**NOVENA. Aceptación das bases.** A participación neste concurso implica a aceptación de todo o recollido nestas bases. A organización reservase o dereito de modificalas, así como de regular calquera aspecto non contemplado nas mesmas.

**Mesía, febreiro do 2023**